

MANIFESTACIÓN

**NON A COMPRA DE
POVISA POR UNHA
ASEGURADORA DOS
EU DE AMERICA**



**XOVES
24
OUTUBRO**

**ÁS 20 HORAS
DESDE A PRAZA
DOS CABALOS**

A compra de POVISA pola aseguradora estadounidense Centene (propietaria de Ribera Salud) supón un salto cualitativo na privatización da atención hospitalaria da área sanitaria de Vigo.

Con esta compra Centene, que pretende expandirse por todo o Estado, chega agora a Galicia.

A empresa Concessia que xestiona o hospital Álvaro Cunqueiro, é socia de Centene, polo que a atención hospitalaria quedará en mans dun **monopolio empresarial**.

Despois de anos de chantaxear aos seus traballadores e ao SERGAS con ameazas de peche, POVISA declara perdas e **vende por un prezo de ganga (24 millóns de euros) o hospital**, a escola de enfermería e as consultas anexas, a unha **multinacional americana** que xa ten demostrado que utiliza a fórmula de despedir persoal e recortar calidade na atención sanitaria para garantir as súas ganancias.

Coa autorización desta venda Nuñez Feijoo leva ao extremo en Vigo a súa política de poñer en mans norteamericanas os recursos sanitarios públicos de Galicia (a CardioloXía do hospital Xeral de Galicia foi cedida á multinacional Medtronic e a investigación hospitalaria á farmacéutica Johnson and Johnson).

Ribera Salud e Centene son dúas empresas con antecedentes de realizar practicas irregulares con fondos públicos. Esta empresa chegou a recorrer ao embaixador americano para presionar á Comunidade Valenciana para que cesara no seu intento por recuperar o Hospital de Alzira para a sanidade pública. É de supoñer, por tanto, que haberá grandes dificultades para integrar a POVISA na sanidade pública ao finalizar o actual Concerto Singular dentro de 4 anos.

Desde a maioría do **Comité de Empresa de POVISA e a Plataforma SOS Sanidade Pública** rexeitamos esta compra por unha contía mínima e **denunciamos a perda de oportunidade da Xunta de adquirir POVISA por 24 millóns de euros, garantindo a xestión pública dun recurso asistencial vital para a área sanitaria de Vigo.**

A compra de POVISA por parte da Consellería de Sanidade permitiría **garantir unha prestación sanitaria a toda a poboación da área sanitaria de Vigo desde o sistema público** e facilitaría o seu desenvolvemento sen estar ao servizo dos intereses privados.

Por todo isto chamamos a toda a poboación da nosa área sanitaria a sumarse á manifestación do día 24 de outubro en Vigo.

**COMITÉ DE
EMPRESA DE
POVISA**

SOS
sanidade
pública